# LA PELOTA

ANA L. PORTELA




VAS DE MA NOEN MA- NO
VAS DE MAN EN MAN
RUE-VAS POR SUS PIES
RO- DAS AOS SEUS PÉS
PUESTO DOS LOS NI- ÑOS
POSTO- DOS OS NE-NOS
REM LAm
REM
LAm
TE QUIE-REN TE- NER
GOS-TAN DE TE- TER
SAL- TA BO- TA
SAL- TA BO- TA
YA TE VIE- NEN A BUS-CAR
XA CHA VE- NEN PERCU-RAR
3 3
REM REM DOM LAM


LENTO
TUS A- MI- GOS
OS A- MI- GOS
PRONTO SHL ORASH JU- GAR
LE- DOS TE VERANXO-GAR
YA CAN- SA- DA VIE- NES
XA CAN-SI-ÑA VOL- VES
REM
DOM LAM REM
REM SOLM
CRÓTALOS
D.C. A FIN
PER- DIS-TE CO- LOR
PER-DES CHES A COR
PE-RO YO TE GUAR- DO
PERO GUARDA REI- TE
EN MI CO- RA- ZÓN
NO MEU CO- RA - ZÓN
LAM REM
SOLM LAM
SOLM REM

## LETRA

Salta, bota,
ya te vienen a buscar
tus amigos,
pronto saldrás a jugar (bis)

Vas de mano en mano
ruedas por sus pies,
pues todos los niños
te quieren tener. (bis)

Salta, bota,
ya te vienen a buscar
tus amigos,
pronto saldrás a jugar. (bis)

Ya cansada vienes,
perdiste color.
Pero yo te guardo
en mi corazón.

Salta, bota,
ya te vienen a buscar
tus amigos,
pronto saldrás a jugar. (bis).

Salta, bota,
xa cha veñen percurar
os amigos,
ledos te verán xogar. (bis)

Vas de man en man
rodas aos seus pés,
pois todos os nenos
gostan de te ter. (bis)

Salta, bota,
xa cha veñen percurar
os amigos,
ledos te verán xogar. (bis)

Xa cansiña volves,
perdeches a cor,
Pero eu gardareite
no meu corazón.

Salta, bota,
xa cha veñen percurar
os amigos,
ledos te verán xogar. (bis)

ANA L. PORTELA.

## CANCION PARA PREESCOLAR E CICLO INICIAL

### "A PELOTA"

Música, letra e xogo: ANA I. LOPEZ PORTELA.

*Material preciso*:
– Instrumentos da Escola "Orff - Schulwerk".
– Unha pelota grande.

A canción da "Pelota" vai dirixida aos nenos de Preescolar e Ciclo inicial.

Está dividida en tres partes ou frases musicais: as duas primeiras de ritmo rápido e a terceira de ritmo lento.

MELODIA:

Desenrola-se nun rexistro medio, moi cómodo para ser cantado e moi fácil de recordar. Ao mesmo tempo o contido da letra entra dentro dos intereses lúdicos dos nenos.

ACOMPAÑAMENTO:

Ten tres posibilidades:

– *Rítmico.* Con instrumentos naturais: pitos ("chasquido" dos dedos), palmas, xoellos e pés.

– *Instrumental.* Con instrumentos da Escola "Orff - Schulwerk": "carillón", "xilófono contralto", "xilófono baixo", bombo.

– *Guitarra*. Acordes que van incorporados á partitura, como un elemento optativo mais, a engadir.

Todos eles, rítmico, instrumental e guitarra, poden interpretarse simultáneamente e por separado.

MOVEMENTO:

O xogo que acompaña esta canción vai, tamén, dividido en tres partes que se corresponden coas tres partes ou frases da partitura, co obxecto de que a *Forma Coreográfica* apoie a *Forma musical*.

O profesor debe seleccionar cuidadosamente o grado de dificultade á que poder chegar os seus alunos, xa que, é moi posíbel que os instrumentos de placa, resulten difíceis ao principio.

O interés pedagóxico non se perde ainda que se suprima algún dos elementos que compoñen a canción, xa que sempre se pode utilizar o acompañamento rítimico con instrumentos naturais. Sen dúbida resultan menos brillantes pero desde o ponto de vista educativo, e incluso rítmico é exactamente o mesmo. Non se debe ir máis alá das posibilidades dos nenos. O seu ensino debe ser cómodo, presentado como unha diversión, pero recordando que detrás do que parece un xogo, hai unha disciplina e uns obxectivos para conseguir: en primeiro lugar unha educación musical e estética e en segundo lugar o apoio doutras áreas de coñecimento programadas para esta edade de *Preescolar* e *Ciclo Inicial*.

XOGO:

## " A PELOTA"

ORGANIZA-SE un corro de nenos. Un deles debe estar no medio, sostendo unha pelota.

1ª *Parte*:

Sempre levando o ritmo, o neno que está no medio tíra-lle a pelota a un do corro. Este, despois de collé-la, devolve-lla. E, alternando continuamente, ségue-se até rematar a primeira parte.

2ª *Parte*:

Un neno fai botar a pelota e recolle-a o que está ao seu lado. Este, ao mesmo tempo. fai-na botar e recolle-a o seguinte. Seguindo así o xogo até rematar a segunda parte.

Repítese novamente o xogo completo (primeira e segunda parte).

3ª *Parte*:

Con ritmo e movementos moi lentos, os nenos tiran a pelota po ar uns aos outros.





